



EDICTO

Relación definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as na convocatoria de varios procesos selectivos para a provisión de prazas de estabilización do emprego temporal de Auxiliar de Axuda no Fogar polo sistema de concurso e designación do tribunal cualificador.

Para os efectos oportunos, publícase que a Alcaldesa, o día 12 de novembro de 2025, ditou o seguinte decreto:

“Decreto da Alcaldía

Expediente nº 505/2022.

Asunto: Resolución da alcaldía aprobando a relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos na convocatoria de varios procesos selectivos para a provisión de prazas de estabilización de emprego temporal de Auxiliar de Axuda no Fogar polo sistema de concurso.

En relación aos procesos selectivos convocados para a provisión das prazas incluídas na oferta de emprego público excepcional correspondente ao ano 2022 para a redución da temporalidade do emprego público no Concello de Bande, ao abeiro do establecido na Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 20 de maio de 2022.

Visto que mediante resolución da alcaldía de data 30 de marzo de 2023 aprobáronse as bases xerais e específicos que regulan os procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal polo sistema de concurso.

Concello de Bande

C/ San Roque, 2, Bande. 32840 (Ourense). Tfno. 988443001. Fax: 988443430





Visto que ditas bases xerais e específicas foron publicadas no Boletín Oficial da Provincial de Ourense nº 89 de data 19 de abril de 2023.

Visto que no BOE nº 180 de 26 de xullo de 2024 e na sede electrónica do Concello de Bande foi publicada a convocatoria para prover varias prazas e abriuse o prazo de presentación de solicitudes.

Visto que o prazo de presentación de solicitudes finalizou o día 27 de agosto de 2024.

Visto que no B.O.P. nº 124 do martes 1 de xullo de 2025, publicouse a relación provisional de admitidos e excluídos na convocatoria de varios procesos selectivos para a provisión das prazas de estabilización de emprego temporal polo sistema de concurso outorgándose un prazo de dez días hábiles para a presentación de reclamación ou emendas.

Visto que se detectaron erros tanto no Decreto da Alcaldía de data 13 de xuño de 2025 como no edicto publicado no BOP nº 124 do martes 1 de xullo de 2025, polos que se aprobaba e publicaba a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos nas prazas de persoal laboral, polo sistema de concurso que se indican a continuación, realizouse a corrección de erros e unha nova publicación no B.O.P. nº 205 do venres 24 de outubro de 2025 e no taboleiro de edictos municipal.

Vistas as alegacións ou reclamacións presentadas.

De conformidade co establecido na base sexta das bases xerais que regulan os procesos selectivos.

Resolvo:

Concello de Bande

C/ San Roque, 2, Bande. 32840 (Ourense). Tfno. 988443001. Fax: 988443430





Primeiro: Aprobar a relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos nos procesos selectivos correspondentes ás prazas de persoal laboral fixo que se indican a continuación:

Código:03.00.00.08 Denominación: Auxiliar de axuda no Fogar, (Xornada parcial 35 horas semanais). Grupo: V(A.P.) Nº de prazas:1.

Sistema de selección: concurso.

1º) Admitir a alegación presentada por Dª Rebeca Antunes Alvarez.

Listaxe de admitidos:

Nome e apelidos	NIF	Exento de proba de galego si/non
Begoña Rodríguez Domínguez	***5680**	Si
Estrella Iglesias Gulin	***8592**	Si
Nuria González Rodríguez	***5842**	Si
Rebeca Antunes Alvarez	***9561**	Si

Listaxe de excluídos: Ningún

Código:03.00.00.06. Denominación: Auxiliar de axuda no Fogar, (Xornada completa). Grupo:V(A.P.). Nº de prazas:1

Sistema de selección: concurso.

1º) Admitir a alegación presentada por Dª Amable Rivera Vidal.

Listaxe de admitidos:

Nome e apelidos	NIF	Exento de proba de galego si/non
Begoña Rodríguez Domínguez	***5680**	Si

Concello de Bande

C/ San Roque, 2, Bande. 32840 (Ourense). Tfno. 988443001. Fax: 988443430





Estrella Iglesias Gulín	***8592**	Si
Manuela Dávila González	***5021**	Si
Isaura Martínez Santos	***6283**	Non
Isabel Iriarte Martínez	***4761**	Si
Nuria González Rodríguez	***5842**	Si
Amable Rivera Vidal	***2654**	Non

Listaxe de excluídos:

Nome e apelidos	NIF	Motivo
Eva Dols Garrido	***0131**	Solicitud presentada en modelo incorrecto. Non presentou alegacións

Segundo: Publicar a relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos no Boletín Oficial da Provincia, na páxina web do Concello de Bande e na sede electrónica do Concello de Bande.

Terceiro: Designar aos seguintes membros do tribunal cualificador:

Presidenta

- D^a Manuela Vázquez Domínguez funcionaria do Concello de Bande, grupo C1.

Suplente Presidente

- D. José Luis Álvarez Martínez funcionario do Concello de Bande, grupo C2.

Secretario

- D. José Luis Feijoo funcionario do Concello de Bande, grupo A1.

Suplente Secretario

- D. Daniel Carnoto Espiño funcionario do Concello de Vereá, grupo A1.

Concello de Bande

C/ San Roque, 2, Bande. 32840 (Ourense). Tfno. 988443001. Fax: 988443430





Vogais

- D. Juan José González Troitiña funcionario do Concello de Bande, grupo C2.
- D^a M^a Elena Domínguez Gómez funcionaria do Concello de Muíños, grupo C1.
- D^a Ana María Antúnez Pérez funcionaria do Concello de Muíños, grupo A1.

Suplentes Vogais

- D^a Susana Martínez Vidal funcionaria do Concello de Verea, grupo C1.
- D^a Sonia Alonso Dominguez funcionaria do Concello de Bande do grupo C2.
- D. Alberto Rivero Rodríguez funcionario do Concello de Verea, grupo C1.

O tribunal cualificador constituirase nas próximas semanas nas datas que designe a alcaldía para cada un dos procesos selectivos convocados.

Cuarto. Contra esta resolución pódese interpor recurso de reposición previo ao contencioso administrativo ante a alcaldía do Concello, no prazo dun mes, ou alternativamente interpor directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, (ou outro que resultase territorialmente competente en aplicación das regras establecidas no artigo 14 da Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), no prazo de dous meses. En ningún caso poderán simultanearse ambos recursos.

Se se optase por interpor o recurso de reposición non poderá interporse recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Concello de Bande

C/ San Roque, 2, Bande. 32840 (Ourense). Tfno. 988443001. Fax: 988443430





Os prazos computaranse de data a data a partir do día seguinte ao da publicación no BOP. No caso de que o día de vencemento sexa inhábil, entenderase prorrogado o dito prazo ao primeiro día hábil seguinte”.

Bande, 12 de novembro de 2025

A alcaldesa,

Asdo. Sandra Quintas Vázquez

Concello de Bande

C/ San Roque, 2, Bande. 32840 (Ourense). Tfno. 988443001. Fax: 988443430

